

**RELATORIO SOBRE A APLICACIÓN PARA A LINGUA GALEGA DA  
CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS NO ÁMBITO DA  
XUSTIZA**

Observatorio de Dereitos Lingüísticos - A Mesa pola Normalización Lingüística

## **A CARTA EUROPEA DE LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS**

O ano 2001, o Congreso dos Deputados do Estado español ratificou por unanimidade a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM), sendo depositado o instrumento de ratificación perante o Secretario Xeral do Consello de Europa.

A Carta Europea, con natureza xurídica de tratado internacional, adquiriu, conforme ás disposicións aplicábeis do ordenamento xurídico español, plena eficacia interna no momento da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* número 222, do 15 de setembro de 2001.

Tal e como indica o artigo 2.2 da CELRM, cada Estado, no momento da ratificación deste tratado, debe acompañalo dunha declaración onde se inclúa o compromiso de “aplicar un mínimo de trinta e cinco parágrafos ou epígrafes escollidos entre as disposicións da Parte III de dita Carta, dos cales, cando menos tres se deberán escoller de cada un dos Artigos 8 e 12 (...)”.

O Estado está obrigado a elaborar un informe cada tres anos explicando as medidas adoptadas para dar cumprimento á Carta. Este relatorio examinarao un Comité de Expertos designado polo Consello de Europa. Os organismos ou asociacións legalmente establecidas tamén poden dirixirse ao Comité de Expertos para chamar a atención sobre cuestións relativas aos compromisos adoptados polo Estado. Xusto a ese momento do proceso corresponde o informe elaborado polo Observatorio de Dereitos Lingüísticos, a instancias da Mesa pola Normalización Lingüística, e do cal aquí abordamos a parte relativa a xustiza.

Con toda esa información, o Comité de Expertos entregará un informe final ao Comité de Ministros, que poderá realizar tamén recomendacións para que o Estado cumpra coa Carta. Agárdase que antes de que finalice esta primavera esté finalizado o relatorio do Comité de Expertos.

As referencias que nas seguintes liñas se fan aos relatorios de 2005 son aos aprobados nese ano polo Comité de Expertos e polo Comité de Ministros. As referencias ao informe de 2007 son ao elaborado polo Estado nese ano.

## **AUTORIDADES XUDICIAIS (ARTIGO 9 DA CELRM): "NON SE ATENDERON AS RECOMENDACIÓNS DO COMITÉ DE MINISTROS EN 2005"**

### **a) Procedementos xudiciais, civís e administrativos. (Parágrafo 1)**

O Estado español non só continúa sen cumprir o artigo 9 da CELRM, senón que fixo caso omiso das recomendacións realizadas polo Comité de Ministros (21/09/05) e, concretamente para o caso galego, polo Comité de Expertos (08/04/05):

O Comité de Expertos anima as autoridades españolas a:

- Emendar o marco legal con miras a clarificar que as autoridades xudiciais criminais, civís e administrativas galegas levarán a cabo os procedementos en galego a petición dunha das partes;
- Garantir formalmente ao acusado o dereito a usar o galego mesmo que el ou ela domine o castelán;
- Levar a cabo as medidas precisas para asegurar, da maneira axeitada, que as partes de un procedemento son informadas especificamente da obriga das autoridades xudiciais en Galiza de levar a cabo os procedementos en galego se unha das partes así o solicitar, en conformidade cos compromisos adquiridos por España baixo o Artigo 9 parágrafo 1.a.i, 1.b.i e 1.c.i da Carta;
- Levar a cabo as medidas precisas para aumentar a proporción de persoal xudicial en Galiza, a todos os niveis e especialmente entre os xuíces e os fiscais, que poida usar o galego como lingua de traballo nos tribunais;
- Desenvolver planos de ensino apropiados para o persoal xudicial así como para os avogados.

A escolla persoal dun cidadán ou dun funcionario de empregar a lingua galega supón sempre unha penalización ou sanción para este, que implica:

a) Unha dilación das causas para o cidadán, xa que a necesidade de tradución e intérpretes que impoñen certos xuíces supón unha ralentización dos procesos.

b) Un duplo esforzo, pois para desempeñar o seu labor diario deberán asumir tamén un labor de tradución de lexislación, documentos e formularios, que require unha concienciación e voluntariedade que non todos están dispostos a sufrir.

Esta penalización permite constatar a evidente desigualdade perante o español, pois se optaren por este nin se causaría dilación nin sería necesario o sacrificio persoal, pois terían ao seu dispor e desde o primeiro momento a lexislación e formularios neste idioma.

O Estado español, no seu relatorio de 2007, ofrece uns datos en absoluto fidedignos sobre o número de sentenzas en galego nos anos 2003, 2004 e 2005, ou ao uso do galego polos órganos xurisdicionais (pp. 193 - 194). A

listaxe contida na páxina 193 non é exacta, pois non todos os órganos que aparecen traballan na súa maior parte en galego, e o mesmo cómpre dicir das Audiencias e o TSXG tal como se relata na páxina 194.<sup>1</sup>

Tampouco é certo, tal como se pretende na páxina 197 do informe do Estado, que haxa 828 documentos redactados en galego no programa LIBRA. Para comezar non existe a mesma versión de LIBRA en todos os xulgados. Naqueles que non son de capital de provincia existe a versión .6 e en capital a versión .8. Nos de versión .6 existen menos documentos que nos da .8. Paradoxalmente, tal como se apunta no informe, o maior uso de galego prodúcese nos que teñen a .6 (poderíamos dicir, a pesar da versión .6, que obriga a un maior labor de tradución polo titular do órgano, pois non dispón de modelos).

Ademais, as versións en galego dos documentos adoitan incorporar con retraso as modificacións legais, ou directamente non as incorporan nunca (como é o caso da instrución do procedemento abreviado). Con isto denígrase a opción do galego na Administración de Xustiza, e desincentívase, pois obriga a revisar modelo a modelo cada vez que se quixer empregar.

En materia de xustiza, a análise da situación da aplicación da CELRM no Estado español permite concluír:

i) Que a normativa aprobada polo Estado español é insuficiente para garantir o cumprimento da CELRM no ámbito da Administración de Xustiza.

ii) Que dita normativa non vai acompañada de medidas de seguimento e control do seu cumprimento.

iii) Que a mentada regulación debe ser apoiada polos medios humanos e materiais precisos para facela operativa, e que sexan axeitados ao actual nivel de emprego de novas tecnoloxías polos órganos xurisdicionais.

iv) Que os propios órganos xurídicos do Estado e da Comunidade Autónoma incumpren sistematicamente o contido da Carta.

v) Que o cidadán residente na Galiza ve vulnerado sistematicamente o seu dereito a un procedemento xudicial en galego, ou ben se lle respecta este dereito causándolle unha dilación indebida no coñecemento e resolución da súa causa.

vi) Que os Corpos actantes na Administración de Xustiza que asumen o compromiso de garantir o emprego do galego nese ámbito ven multiplicada a súa carga de traballo por falta de apoio das distintas Administracións, e por fin

---

<sup>1</sup> Para comprobalo abonda consultar a base de datos do Poder Xudicial (o CENDOJ), de libre acceso desde a páxina: <http://www.poderjudicial.es/jurisprudencia>. Chégase a este fondo documental e selecciónase o tipo de resolución, órgano e lingua utilizada. Alí pódese comprobar como a mentira é flagrante no caso da Sala do Civil e Penal do TSXG.

vii) Que a consecuencia última é a marxinación da lingua galega no eido da Administración de Xustiza, colaborando así a un proceso sutil de desaparición do idioma galego.

#### **b) Validez dos documentos presentados en galego. (Parágrafo 2)**

O *Boletín Oficial do Estado* e o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* non admiten as resolucións expresadas en idioma distinto do castelán, devolvéndooas ao órgano correspondente para a súa tradución, acompañadas dunha negativa á súa publicación. Especialmente grave é a dilación que esta negativa e devolución provoca na tramitación da causa para o cidadán litigante.

#### **c) Textos regulamentarios en galego. (Parágrafo 3)**

Os órganos xurisdicionais que asumen o compromiso de empregar o idioma galego, encóntranse tamén coa dificultade engadida de que todas as bases de datos de xurisprudencia e todos os textos normativos que constitúen o seu instrumento fundamental de traballo, están en castelán.

Desde 1997, o *Boletín Oficial do Estado* publica unha recompilación das normas legislativas aprobadas no último período, mais sempre cunha demora de tres meses, de xeito que todo acceso ás novidades legislativas se fai en lingua castelá.

Resulta preciso que textos de uso diario, como o Código Penal, o Estatuto dos Traballadores ou a Lei de xurisdición contenciosa-administrativa, se traduzan ao galego e se provexa con eles os órganos xurisdicionais.

A deficiencia que causa máis inoperancia é a ausencia dunha base de datos en galego que obriga ao órgano que emprega este idioma á tradución constante das referencia xurisprudenciais empregadas, cando a xeneralización dos programas de texto informáticos permiten incorporar as referencias ao texto da resolución cunha simple operación de copiado-colado, polo que de novo o emprego do idioma galego na redacción das resolucións supón unha sobrecarga de traballo.

**Entendemos que cómpre reiterar as recomendacións desatendidas no ano 2005.**

**Para conseguir o cumprimento deste artigo da Carta, é necesario que se regule normativamente que os xuíces e fiscais destinados na Galiza teñan a obrigaón de coñecer o idioma galego tras un período de tempo prudencial de varios anos de exercicio das respectivas Carreiras nesa Comunidade Autónoma.**

**Este coñecemento, falado e escrito, deberá ser demostrado mediante a superación de probas selectivas, e posteriormente tanto**

o Consello Xeral do Poder Xudicial como o executivo autonómico deberán facer un seguimento real da utilización do idioma galego polos órganos xurisdicionais, empregando o órgano de goberno dos xuíces a súa potestade disciplinaria cando se teña coñecemento da negativa dalgún órgano a respectar, activa ou pasivamente, os dereitos lingüísticos dos usuarios da Administración de Xustiza.

O feito de ser de adscrición estatal a Carreira xudicial e fiscal lévanos a postular unha regulación normativa que admita un período de adaptación apoiado pola impartición de cursos de formación lingüística. Transcorrido un prazo prudencial, os encargados do servizo público deben estar en condicións de prestar o servizo de administración de xustiza no idioma requirido polas partes.

Outras medidas que entendemos que cómpre adoptar son:

- Dotar o Boletín Oficial do Estado e o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil dun sistema de tradución, para que non devolvan as resolucións redactadas en galego, negándose á súa publicación.

- Creación dunha base de datos legislativa en galego, dotándoo dos mesmos instrumentos de que gozan os usuarios do español, para que calquera persoa que quixer os puiden empregar.

- Tradución e difusión nos órganos xurisdicionais do Código Penal, o Estatuto dos Traballadores, a Lei de xurisdición contencioso-administrativa, e outros textos legais de uso frecuente.